



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

MÉRCORES

5 XANEIRO 2022

Auditorio de Galicia, 21.30 h

CONCERTO DE REIS

**Tren, barco, avión e outros
medios de locomoción**

Paul Daniel Director

Claudio Constantini Bandoneón



PROGRAMA

EDUARD STRAUSS (1835-1916)

Bahn Frei! (Abran paso!), op. 45

NIKOLÁI RIMSKI-KÓRSAKOV (1844-1908)

O conto do Zar Saltán: O voo do moscardo

JACQUES IBERT (1890-1962)

Suite Sinfónica “París”

Le métro (O metro)

Le paquebot “Île de France” (O buque de vapor “Illa de Francia”)

Parade foraine (Desfile)

SILVESTRE REVUELTAS (1899-1940)

Música para charlar

El ferrocarril: Durmientes y rieles

La tierra patria

Mexicali

Telégrafos

ASTOR PIAZZOLLA (1921-1992)

Concierto para bandoneón y orquesta “Aconcagua”

Allegro marcato

Moderato

Presto

Claudio Constantini, bandoneón

EDUARD STRAUSS (1835-1916)

Mit Dampf! (Con vapor!), op. 70

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

BILLY STRAYHORN (1915-1967) / HARRY WARREN (1893-1981) (arr. Iain Farrington)

Take the A Train (Toma o tren A) / Chatanooga ChooChoo

IAIN FARRINGTON (1977)

The sailor's hornpipe: A Shipshape Shindig

(A gaita do mariñeiro: Unha festa no barco)

GEORGE GERSHWIN (1898-1937) (arr. Sol Berkowitz)

Promenade Walking the Dog (Paseando o can)

IAIN FARRINGTON (1977)

Wing it! (variacións sobre "I Got Rhythm" de George Gershwin)

Duración aproximada do concerto: 1 hora.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Adriana Winkler
(concertino)
Anca Smeu (axuda
de concertino)
Ildikó Oltai **
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Carlos García
Millán Abeledo
Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaitreau *
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira (R)

CLARINETES

Vicente López *
Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Simon Lewis (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Victor Vilarriño (R)

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
José Ramiro Pérez (R)
Marcos Dorado (R)

SAXOFÓN

Xabier Casal (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Roberto Bao (R)
Juan Martín (R)

ARPA

Alba Barreiro (R)

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Paul Daniel

Director

É director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013, ano no que tamén se converteu en director musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións

coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.

Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para A Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Tokio. No verán de

2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders para a Santa Fe Opera. Coa súa propia orquestra en Burdeos realizou interpretacións moi aclamadas de *Tristan e Isolde*, *Elektra* e *Die Walküre*. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera de Múnic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Tapiola Sinfonietta, a Academia Nacional de Música de Australia, a Nova Orquestra Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

Paul Daniel presidiu o xurado do 57º Concurso Internacional de Dirección de Orquestra de Besançon en setembro de 2021. As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Burdeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD. En febreiro de 1998, Paul Daniel recibiu un Premio Olivier polos seus destacados logros na ópera, e foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico na lista de honras do ano 2000.

Claudio Constantini

Bandoneón

Pianista, bandoneonista e compositor, mantén unha polifacética carreira que desenvolve a través dos cinco continentes. Nacido en Lima no seo dunha familia de músicos, o seu orixinal estilo defínese polas súas sólidas raíces clásicas, aliadas cunha incesante paixón por algúns xéneros musicais populares, entre

os cales a música latinoamericana e a improvisación son esenciais.

Ten actuado nalgúns dos teatros máis importantes do mundo, como a Filharmónica de Berlín, a Festpielhaus de Baden-Baden, Konzerthaus de Viena, Ópera de Los Ángeles, Ópera de Múnic, Palau de les Arts de Barcelona e o Teatro Real de Madrid, entre

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

outros. En 2021, centenario de Astor Piazzolla, emprendeu dúas xiras como solista, unha a dúo coa pianista Louiza Hamadi, que o levou a tocar en salas tan destacadas como o Palacio Euskalduna de Bilbao, os Teatros del Canal de Madrid, o Espacio Turina de Sevilla, a Sala María Cristina de Málaga ou o Teatro de la Zarzuela; e en festivais como o de Música y Danza de Granada (Festival Extensión); e outra xunto a formacións como a Orquesta Sinfónica de Bilbao, Orquesta Joven de Andalucía, ADDA Sinfónica de Alicante, Orquesta Filarmónica de Málaga ou a Orquesta Ciudad de Granada, esta última co guitarrista arxentino Fernando Egozcue. En abril estreou o seu *Concierto para bandoneón (Homenaje a Piazzolla)* xunto á OJA. E en novembro participou nun concerto extraordinario na sala sinfónica do Auditorio Nacional de Madrid como integrante do quinteto *Piazzolla x100* -liderado polo pianista Federico Lechner-, acompañado pola Orquesta de Cámara Andrés Segovia e xunto a músicos tan sobresaíntes como o aclamado baterista arxentino Daniel

“Pipi” Piazzolla -neto de Astor- ou a celebrada cantante Sheila Blanco.

Realizou un total de seis producións discográficas baixo o seu nome, todas con gran proxección e magnífica crítica no eido internacional. Pola súa produción *América* (IBS Classical, 2018) foi nomeado para un Grammy Latino en 2019, na categoría de *Mellor álbum de música clásica*; e o disco *20th Century Tango* (IBS, 2020) foi distinguido coa Medalla de Prata dos Global Music Awards.

Ten sido convidado a impartir clases maxistras en institucións e festivais de Europa e outros continentes. Tamén foi membro do xurado de numerosos concursos internacionais de piano. Iniciou os seus estudos de piano no Conservatorio Nacional del Perú baixo a tutela do seu pai, Gerardo Constantini. Posteriormente recibiu o seu título superior en Finlandia, o seu máster en Holanda e o *Diplome de Concert* en París, todos eles coa mellor distinción do xurado.

Desde a chegada do ferrocarril, os seus sons inspiraron a numerosos compositores e xurdiron pezas para piano como *Rail Road March* de Meineke, homenaxe ao primeiro tren de pasaxeiros estadounidense ou *Un petit train de plaisir* de Rossini; cancións e páxinas corais, entre elas, *Canción de viaxe* de Glinka, primeira gran canción ferroviaria, *Le chant des chemins de fer* de Berlioz, que celebraba a inauguración da liña París-Lille ou a popularísima *Funiculi, funiculà* de Denza, en conmemoración do funicular do Vesubio. Incluso foron compostos valeses, polcas e galops como os asinados pola dinastía Strauss, por citar algúns, *Eisenbahn-Lust* de Johann I, *Spiralen Walzer* de Johann II ou unha das composicións máis populares de Eduard Strauss -irmán de Johann II e Josef- datada en 1869, *Bahn Frei!* (Abran paso!), unha polca vibrante cuxo tema principal galopa cunha euforia case arroubada pois facía referencia á expresión 'vía libre' despois de que o tren sufrira algún atranco cando os vieneses viaxaban por lecer preto da cidade.

Tamén o tren foi o inspirador do compositor Billy Strayhorn quen, en 1938, coñeceu a Duke Ellington e este, impresionado pola súa calidade, ofreceulle traballar para el e a súa banda. Strayhorn compuxo e escribiu

a letra -finalmente popularizouse a versión instrumental- do que se convertería no tema estrela da banda, *Take the A train*, seguindo as indicacións do pianista para chegar á súa casa na liña A do metro entre Brooklyn e Harlem. A peza foi creada a partir das harmonías dun tema anterior *Exactly like You* e, Strayhorn desbotouna porque soaba demasiado ao seu admirado Fletcher Henderson. Recuperada do lixo polo fillo de Ellington, a partitura combina o *swing* impulsivo da banda de Ellington coa sofisticación da elite negra que habitaba no barrio do pianista. A melodía está en forma AABA, na tonalidade de Do maior e cada sección é un pareado lírico. Existen numerosos arranxos para todo tipo de formacións instrumentais, esta noite escoitarase a versión do compositor e pianista inglés Iain Farrington.

Chattanooga Choo Choo (1941) foi composta por Harry Warren -con texto de Mack Gordon- e relata unha viaxe no ferrocarril en Estados Unidos, desde Nova York ata Chattanooga (Tennessee), cidade pola que en 1880 pasaban a maioría dos trens cara ao sur do país e da que toma o nome engadindo a onomatopea que imita o chifre dun tren. Está dedicada a unha pequena máquina locomotora a vapor que pertencía á empresa

Cincinnati Southern Railway e foi gravada pola Big Band de Glenn Miller, para a película *Sun Valley Serenade*, converténdose no primeiro disco de ouro do mundo. A canción orixinal con texto abre coa banda soando como un tren que sae da estación, completándose coas trompetas e trombóns que imitan o asubío da máquina, antes de que a parte instrumental interprete dous fragmentos da melodía principal. Son numerosos os arranxos da partitura para todo tipo de ensembles prescindindo da parte vocal.

Música para charlar de Silvestre Revueltas é o irónico título dunha composición incidental pertencente á banda sonora da película-documental *Ferrocarriles de Baja California*, realizado para conmemorar a construción da vía Fuentes Brotantes (Baixa California) - Santa Ana (Sonora) e cuxa produción data de 1938 pero sen moita certeza, pois o único rolo fílmico ardeu no incendio da Cineteca Nacional de México en 1982. Tras dúas versións reducidas de Erich Kleiber en 1944 e de José Yves Limantour en 1960, a versión orixinal e íntegra de *Música para Charlar* foi estreada en 1938 por unha orquestra conformada para a ocasión dirixida por Revueltas quen, co seu característico sentido do humor, escribiu “Para

charlar, para durmir, para tomar o té, que sei eu: música para non pensar [...] eu adoro a música que me fai durmir...”. A pesar de que a partitura mostra unha estrutura e contidos musicais filmográficos non hai dúbida de que foi concibida tamén para as salas de concertos.

Así mesmo os barcos foron referenciais para as composicións de moitos autores como as pezas que hoxe se interpretan de Gershwin, Ibert, Farrington ou mesmo do xa citado Eduard Strauss, a súa polca rápida *Mit Dampf! op. 70* (Con vapor!) de 1894.

O estadounidense George Gershwin acadou sona internacional, sobre todo, polas súas obras musicais para teatro escritas co seu irmán letrista Ira aínda que a súa actividade compositiva incluíu pezas clásicas tan recoñecidas como *Rhapsody in Blue* ou a ópera *Porgy and Bess*. Entre ambas, escribiu as súas *Variacións 'I Got Rhythm'* (1933-1934) para unha xira de concertos que, como solista de piano, estaba realizando coa Orquestra Leo Reisman. Baseouse na famosa canción do seu musical *Girl Crazy*, e explotouna nunha serie de coloridas e enxeñosas variacións. Destaca unha precisa complexidade rítmica, o uso dun valse e unha suave e sofisticada variación de jazz. O arranxo de Farrington, para unha

orquestra reducida, diminúe a escala sinfónica do orixinal a unha dimensión máis lixeira e camerística. En 1936, Gershwin regresa a Hollywood para traballar na partitura da sétima película que emparellaba a Fred Astaire e Ginger Rogers, *Shall We Dance* que inclúe *Promenade* (Paseo), un pequeno número composto para acompañar a escena *Walking the Dog*, que se desenvolve nun transatlántico e na que Fred urde un encontro con Ginger durante o paseo dos cans dos pasaxeiros na cuberta do barco. Aínda que o material musical é calquera cousa menos serio (un suave acompañamento de paseo cunha melodía con aire jazzístico), Gershwin consegue que algo tan sinxelo como dúas persoas paseando cos seus cans pareza o ballet coa máis exquisita coreografía. A versión orquestral utilizada hoxe é do compositor norteamericano Sol Berkowitz (1922-2006).

Jacques Ibert, como Gershwin, valoraba a variedade na súa música e, ás veces, tendía ao teatro. A súa *Suite Sinfónica 'París'* (1930) percorre, en seis sorprendentes imaxes musicais, a paisaxe parisiense, un panorama sonoro case cinematográfico da cidade inspirado no jazz e no blues. A linguaxe musical de Ibert ofrece unha música fresca, descritiva, lixeira,

rítmica, de precioso melodismo e coidada organización do timbre orquestral. Como para moitos dos compositores do período de entre guerras -fascinados por avións, trens e automóviles- o jazz parecía poder captar a súa enerxía cinética, aínda que cun ton máis ominoso na música deste compositor francés. Así, tanto *Le Métro* como *Le Paquebot Île de France* describen a maquinaria da modernidade; no primeiro, aparecen breves citas de *Un americano en París* de Gershwin habilmente disimuladas por unha harmonía máis escura en modo menor e evoca o ferrocarril a través das campás anunciando a chegada do convoi, a multitude ansiosa por subir e finalmente, a continuación da viaxe. Pero ademais asoma un barco, unha parella mira, no escaparate da navieira Générale Transatlantique, unha maqueta do transatlántico Île-de-France, mentres imaxinan a súa partida cara a, posiblemente, un mundo mellor. A *Parade* remata esta suite nun parque de atraccións onde segundo o propio Ibert "a ledicia é un pouco forzada".

Shipshape Shindig é unha peza orixinal do británico Iain Farrington, unha breve serie de variacións sobre a melodía tradicional *The Sailor's Hornpipe*, coñecida nos séculos XVIII e XIX en todas as cidades

mariñeiras do mundo en cuxos portos era interpretada e bailada. A música é enxeñosa, sorprendente e divertida, con harmonías imprevisibles e ocasionais influencias do jazz. A diferenza do famoso arranxo de Henry Wood, o tema da *hornpipe* interprétase a ritmo rápido en todo momento, con enerxía e desenfreo. Foi encargada polos Proms da BBC de 2017 e estreada pola Royal Northern Sinfonia dirixida por Nicholas McGegan.

Nicolái Rimski-Korsakov compuxo orixinalmente o seu famoso interludio orquestral *Voo do moscardo* como parte da súa ópera *O conto do Zar Saltán* (1899-1890) para celebrar o centenario do nacemento do autor Alexander Pushkin. A historia deste conto de fadas involucra a “tres irmás, tres desexos, tres marabillas e tres picaduras de abella”. Esta melodía pecha o Acto III xusto despois de que a Princesa Ave-Cisne dá instrucións para transformar en insecto ao fillo do Zar, o príncipe Gvidón, quen poderá voar a encontrarse co seu pai. Descritiva pois a melodía representa o continuo e repetido zunido dun moscardo, as cordas tocan nun rexistro moi baixo logrando unha sonoridade emocionante. O compositor ofrece un frenesí de notas incrivelmente rápidas nun rango estreito -todo un reto para

os intérpretes- nun tempo que vai gañando velocidade. Son tres minutos cheos de tensión, enerxía e vitalidade.

Astor Piazzolla, ao igual que Ibert e Gershwin, móvese entre a música clásica e o jazz e foi quen de imaxinar un tango novo ancorado no vello pero creando pezas que recrean dúas épocas musicais e expresivas distintas. O *Concerto para bandoneón e orquestra* (1979) foi un encargo do Banco Provincial de Bos Aires e débelle o sobrenome de *Aconcagua* ao editor Aldo Paganí que o considerou o cumio compositivo do autor. Estreado por Piazzolla como solista, está artellado nos tres movementos clásicos rápido-lento-rápido e asemella un concerto barroco polo tratamento do solista e a orquestra. O primeiro movemento aparece rítmico e enérxico, cunha sección central máis libre e melancólica que fai de cadencia. O *Moderato* é unha delicada cantilena iniciada polo bandoneón ao que se unen cordas, arpa e un violín. O último tempo é unha serie de ritmos sincopados e deseños melódicos no que Piazzolla inclúe unha cita dun tango propio, *El flaco Aroldi*, para demostrar que podía pasar dun rexistro a outro con total solvencia e sen menoscabo de ningún dos dous estilos.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 20 xaneiro, 20:30 h **PEREGRINACIÓN NOS ANDES**

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Gabriela Montero, piano

G. L. Frank: Lendas: An Andean Walkabout

G. Fauré: Suite de Pelleas e Melisande, op. 80

C. Schumann: Concerto para piano en la
menor, op. 7

Xoves 3 febreiro, 20:30 h **ARREDOR DO PIANO**

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Lars Vogt, director e piano

R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Holloway):
Seis estudos canónicos, op. 56*

L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 5
en Mi bemol menor, op. 73 "Emperador"

*Estrea deste arranxo en España

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Joana Carneiro

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

